



Confederación Intersindical Galega  
ENSINO

# INFORMA

www.cig-ensino.com

Novembro 2011

## 19.182 docentes votaron en contra dos recortes na educación pública

A CIG-Ensino quere agradecer ao profesorado a súa participación neste referendo, nun acto que é unha lección de democracia para a Consellaría. Agradecemos tamén o compromiso do profesorado que asumiu a realización do referendo nos centros, facéndose cargo da mesa e de todo o proceso. Tamén o noso agradecemento ás direccións que facilitaron e colaboraron na realización da votación.

A alta participación no referendo, 19.182 profesoras e profesores, e a elevada porcentaxe de respostas negativas, como se reflicten nos cadros, supoñen o rexeitamento máis evidente e contundente ás medidas de recorte e de deterioro do ensino público emprendidas pola Consellaría de Educación.

A participación do profesorado significa tamén posicionarse en prol da defensa inequívoca do ensino público como único garante da igualdade de oportunidades.

O profesorado dixo non aos recortes sen precedentes que a Consellaría está a levar a cabo no ensino público, uns recortes que se concretaron na redución de máis de mil profesores, no peche de 156 unidades no ensino público, na masificación das aulas, nunha atención inadecuada ás necesidades educativas especiais e á atención a diversidade educativa, a non realización de diferentes dinamizacións ou na carencia de prazas en diferentes niveis educativos. Todo isto, mentres a Consellaría amplía unidades na privada concertada, subvenciónaa con 250 millóns de euros e

arbitra outros mecanismos de desvío de fondos públicos a eses centros.

O profesorado rexeitou tamén a ampliación do horario lectivo, coa ruptura dun acordo unitario, porque non só empeora as condicións laborais do profe-

sorado, senón que supón un ataque á calidade do ensino na medida en que imposibilita que se poidan realizar outras funcións necesarias e obriga o profesorado a impartir materias que non son da súa especialidade. Ademais, coa

### Referendo do profesorado

**19.182 docentes votaron en contra dos recortes na educación pública**

Grazas pola vosa participación e compromiso en defensa do ensino público e por contribuír a este rotundo éxito de todas e todos nós

#### Resultado do referendo ao 100 % escrutado

ELECTORES	VOTANTES	NULOS			
			NON	SI	BRANCO
26271	19182	19			
Estás de acordo cos recortes no ensino público?			97,77%	0,72%	1,28%
A Consellaría de educación impuxo un incremento do horario lectivo. Estás de acordo con este incremento?			93,38%	3,08%	3,32%
Estás de acordo con que o profesorado teña entre as súas funcións a custodia do alumnado transportado?			96,99%	1,29%	1,36%
Consideras que as diferentes medidas adoptadas pola Consellaría de Educación melloran a calidade do ensino?			97,34%	0,80%	1,60%



**CIG**  
Confederación Intersindical Galega  
ENSINO

	ELECTORES	VOTANTES	NULOS	VÁLIDOS	Pregunta 1			Pregunta 2			Pregunta 3			Pregunta 4		
					SI	NON	Branco	SI	NON	Branco	SI	NON	Branco	SI	NON	Branco
<b>NACIONAL</b>	26271	19182	19	19163	134	18768	241	588	17924	635	246	18613	259	152	18684	302
%	100,00%	73,02%	0,07%	72,94%	0,70%	97,94%	1,26%	3,07%	93,53%	3,31%	1,28%	97,13%	1,35%	0,79%	97,50%	1,58%

Táboa 1. Resultados nacionais

	ELECTORES	VOTANTES	NULOS	VÁLIDOS	Pregunta 1			Pregunta 2			Pregunta 3			Pregunta 4		
					SI	NON	Branco	SI	NON	Branco	SI	NON	Branco	SI	NON	Branco
<b>CORUÑA</b>	11108	7824	8	7816	45	7659	110	228	7320	264	115	7562	127	56	7625	126
	100,00%	70,44%	0,07%	70,36%	0,58%	97,99%	1,41%	2,92%	93,65%	3,38%	1,47%	96,75%	1,62%	0,72%	97,56%	1,61%
<b>LUGO</b>	3399	2451	0	2451	19	2409	24	75	2297	89	34	2383	34	31	2383	53
	100,00%	72,11%	0,00%	72,11%	0,78%	98,29%	0,98%	3,06%	93,72%	3,63%	1,39%	97,23%	1,39%	1,26%	97,23%	2,16%
<b>OURENSE</b>	2696	2003	3	2000	16	1966	19	61	1877	61	21	1954	25	13	1960	27
	100,00%	74,30%	0,11%	74,18%	0,80%	98,30%	0,95%	3,05%	93,85%	3,05%	1,05%	97,70%	1,25%	0,65%	98,00%	1,35%
<b>PONTEVEDRA</b>	9068	6904	8	6896	54	6734	88	224	6430	221	76	6714	73	52	6716	96
	100,00%	76,14%	0,09%	76,05%	0,78%	97,65%	1,28%	3,25%	93,24%	3,20%	1,10%	97,36%	1,06%	0,75%	97,39%	1,39%

Táboa 2. Resultados por provincias

redución do profesorado, a Consellaría procura o deterioro do ensino público, ao impedir unha atención personalizada.

Os resultados do referendo son a mostra máis contundente da repulsa do profesorado a un Conselleiro que ten como denominador común das súas actuacións a mentira, a demagogia e a manipulación, como, por exemplo, cando se atreve a afirmar que o profesorado era favorable maioritariamente ás medidas e recortes que está realizando contra o ensino público. Coa maioritaria participación e as respostas dadas polo profesorado no referendo están a reclamar que o Conselleiro poña fin ás actuacións que teñen como obxectivo o desprestixio e a desvalorización da función docente.

Ante este rexeitamento rotundo e inequívoco á política educativa da Consellaría de Educación, soamente cabe unha saída: a retirada da orde pola que

se amplía a carga lectiva do profesorado e a obriga de vixilancia do alumnado transportado. Unha orde que supuxo a redución do profesorado, o empeoramento da calidade do ensino e o cese dos recortes no ensino público.

Queremos denunciar o uso fraudulento e partidista da páxina Web da Consellaría que se converteu no equivalente ao NODO da época franquista e que pese a ser un medio institucional céntrase nos ataques permanentes aos representantes do profesorado e nunha constante terxiversación da información.

Lamentamos a actitude de CCOO, ANPE e STEG que non só non apoiaron o referendo, senón que criticaron a súa realización, facéndolle así o xogo á Consellaría de Educación. En todo caso,

<b>CORUÑA</b>	<b>333</b>
<b>LUGO</b>	<b>125</b>
<b>OURENSE</b>	<b>100</b>
<b>PONTEVEDRA</b>	<b>305</b>
	<b>863</b>

Táboa 3. Número de centros que participaron no referendo

tanto a alta participación como o feito de que moita da afiliación destas organizacións participaran no mesmo é a mostra máis evidente da actitude inxustificábel das súas direccións.

Esiximos do Presidente da Xunta de Galicia, Núñez Feijóo, o cese inmediato do Conselleiro de Educación, xa que o profesorado, a través deste referendo, amosou unha moción de censura ao seu comportamento, baseado no desprestixio do profesorado e do ensino público, e por ser o artífice duns recortes nunca habidos na educación pública en Galiza.

## Os nosos locais

### Santiago (Local Nacional)

Rua Miguel Ferro Caaveiro nº 10.  
Santiago de Compostela. cp.15706.  
Tlf. 981576800 Fax. 981575839  
santiago@cig-ensino.com

### A Coruña

Rúa Alfonso Molina s/n  
Tlf. 981169810 Fax. 981291735  
15007. A Coruña  
acorunha@cig-ensino.com

### Baixo Miño

Praza da Guía 3, baixo  
36780. A Guarda  
Tlf. 986610465 Fax. 986610465  
baixominho@cig-ensino.com

### Morrazo

Rúa Atranco 19A, ench. 1  
36947. Cangas  
Tlf. 986302987 Fax. 986302987  
morrazo@cig-ensino.com

### Ferrol

Rúa Eduardo Pondal 41-43,  
15403. Ferrol  
Tlf. 981358750 Fax. 981358760  
ferrol@cig-ensino.com

### Lugo

Rda da Muralla 58, bxo.  
27003. Lugo  
Tlf. 982245023 Fax. 982253891  
e-mail: lugo@cig-ensino.com

### Ourense

P. de San Lázaro 12, 4º  
32003. Ourense  
Tlf. 988238350 Fax. 988222855  
ourense@cig-ensino.com

### Pontevedra

R. Pasantería 1, 2ºesq.  
36002. Pontevedra  
Tlf. 986861513 Fax. 986855050  
pontevedra@cig-ensino.com

### A Mariña

27700. Ribadeo  
Avda de Galicia 20, 1º  
Tlf. 982129593 Fax. 982129593  
amarinha@cig-ensino.com

### Val de Monterrei

R. Pedro González 5, 1º  
32600. Verín  
Tlf. 988412345 Fax. 988411013  
verin@cig-ensino.com

### Vigo

R. Gregório Espino 47, bxo.  
36205. Vigo  
Tlf. 986827935 Fax. 986262844  
vigo@cig-ensino.com

### Salnés

R. Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600. Vilagarcía  
Tlf. 986505323 Fax. 986505323  
salnes@cig-ensino.com